

ACTA NUM. 15/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 27 DE NOVEMBRO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas trinta minutos do día vinteseite de novembro de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.
- 2.- DAR CONTA DO CONVENIO DA CANCEIRA .
- 3.- XUXESTIONS Ó CONVENIO DO LIXO DA DEPUTACION
- 4.- MOCIONS.
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Dada conta da acta de data 24-11-2012 comprobase un erro na transcripción numérica do quorun do grupo do Partido Popular nos acordos dos puntos 2, 3 e 4 que en lugar de poñer 7 debe poñer 6.

Apróbase a acta por unanimidade coa corrección citada.

2.- DAR CONTA DO CONVENIO DA CANCEIRA .

Polo Sr. Alcalde dase conta da tramitación do expediente do convenio marco para o establecemento dun servizo de acollida de animais co envío a Deputación Provincial do acordo plenario de adhesión o convenio de data 27/09/12, prevendose a entrada en funcionamento do servizo para o ano 2013 .

Os membros da coporación danse por enterados

Dilixencia.- Incorporase a sesión o Sr. Roberto Rivas Reboredo sendo as 20:40

3.- XUXESTIONS Ó CONVENIO DO LIXO DA DEPUTACION

Polo Sr. alcalde dase conta do texto do convenio marco de adhesión ao servizo provincial de recollida de lixo e xestión de puntos limpos remitido o concello pola Deputacion Provincial, e informa os concelleiros das xestións realizadas en relación co asunto.

O Asunto foi tratado en Comisión informativa de data 27/11/2012

Logo de debate sobre o texto do convenio acordase por unanimidade:

Primeiro.- Presentar as seguintes suxestións ó convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a prestación, por parte da Deputación e con carácter intermunicipal, do servizo de recollida e tratamento de residuos domésticos e asimilables, así como a xestión de puntos limpos, nos ditos concellos:

1.- Establecer unha mior frecuencia na recollida de lixo no rural no caso de existir establecemento de hostelería

2.- Prever a recollida de lixo para o caso de celebración de eventos.

3.- Limpeza e reposición de contedores de lixo.

4.- Que na fixación de tarifas se teña en conta a capacidade económica dos contribuintes e en especial das familias con poucos recursos.

5.- Que se concrete a aportación da Deputacion Provincial a prestación do servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra.

4.- MOCIONS.

O Sr. Alcalde da conta que se vai a poñer en marcha o expediente para sacar a concurso a contratación dos seguros municipais para mirar de conseguir unha redución do gasto por este concepto.

O Sr. Alcalde informa das xestións realizadas coa Inspección Educativa encamiñadas a conseguir a construción dun novo edificio para o colexio público Amor Ruibal e propón a corporación facer unha solicitude expresa a Consellería de Educación tendo en conta que será necesario que o concello poña a disposición da Xunta os terreos necesarios e no caso de ser necesario a modificación do plan para calificar terreo dotacional.

Sr. Fernandez Abraldes, aclara que o espazo para ampliación do colexio e insuficiente e mostra o seu apoio a propoosta de construción dun centro novo.

Sr. Sanmartín Soto, mostra tamén o poio a construción dun novo colexio público tendo en conta as deficiencias do existente.

M.1. Moción do BNG sobre utilización de locais municipais polas entidades sociais.

Dase conta do texto da moción que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Concello de Barro existe un déficit histórico de locais onde os veciños e as entidades sociais poidan realizar as súas actividades nun espazo axeitado.

É por iso que as poucas instalacións coas que conta o Concello de Barro deben aproveitarse ao máximo, procurando que dean servizo ás necesidades de espazos que teñen os distintos colectivos e entidades sociais.

Un dos locais cos que conta o noso concello é a nave da Escola-Taller, que está pechada todo o ano, agás momentos puntuais para algún tipo de acto ou como local de información das concentracións parcelarias. Ese uso puntual sería perfectamente compatíbel con que polas noites se utilizase como local de ensaio, nomeadamente por parte do Grupo de Danzas Amor Ruibal e da Banda Xuvenil de Barro, pois ambas as dúas entidades están a utilizar na actualidade uns locais que non reunen as condicións necesarias para levar a cabo os seus ensaios.

Ademais da Escola-Taller existe un local anexo ao Pazo da Crega, que se ten utilizado en momentos puntuais por parte do Concello, estando o resto do ano pechado. Trátase dun local pequeno que podería servir para ser usado por entidades que precisen un local para reunións ou actividades.

Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Barro acorda aprobar a seguinte MOCIÓN:

1.- Poñer a nave da Escola-Taller a disposición do Grupo de Danzas Amor Ruibal e a Banda Xuvenil de Barro para que poidan utilizada de forma habitual para os seus ensaios, distribuindo os días de uso e facendo compatíbel coas actividades que nela precise levar a cabo o Concello.

2.- Habilitar o local anexo ao Pazo da Crega e poñelo a disposición das entidades sociais para a súas reunións ou para a realización de actividades públicas.

Barro, a 22 de novembro de 2012.

Asdo. Xosé Manuel Fernández Abraldes”.-----

Sr. Fernandez Abraldes, propón que o concello facilite o uso de locais municipais como é o caso da nave da Escola Taller e o edificio situado na finca do pazo de San Marco, entre o edificio do pazo e a capela, para os ensaios dos grupos como a Banda de Música Xuvenil e o grupo de danzas Amor Ruibal porque os locais

que utilizan quedan pequenos tendo en conta o tamaño da banda de música e que ademais do grupo de danzas tamén hai grupo de gaitas e precisan de mais espazo para facer grupos de ensaio ou para o ensaio xeral.

Sr. Alcalde, sinala que o grupo de danzas ten a planta dun edificio municipal para o seu uso exclusivo, a nave da Escola Taller non cabe cedela a ningún grupo tendo en conta a posibilidade de conseguir algunha Escola Taller ou curso de formación, aclara ademais que está previsto levar Servizos Sociais para o edificio situado xunto a biblioteca

Sr. Fernandez Abraldes, pide concretar as posibilidades e condicións de uso incluíndo o local situado na finca do Pazo de San Marco

Sr. Alcalde, aclara que o local situado na finca do pazo está dispoñible para uso dos veciños e colectivos pero non se cederá en exclusiva a ningún.

Non se somete a votación a moción presentada

M.2. Moción do PSOE sobre o servizo de teleasistencia

Dase conta do texto da moción que se transcribe:

“Recentemente assistimos atónitos a un novo recorte do Goberno de <mariano Rajoy ao estado de benestar e aos dereitos dos máis desprotexidos. O Partido Popular retira a partida de 32 millóns de euros do Imserso adicada ao servizo de Teleasistencia en todo o Estado salvo nas cidades autónomas de Ceuta e Melilla.

En todo o estado, o servizo de teleasistencia é usado por máis de 131.000 persoas e na provincia superan as mil cen persoas. A Teleasistencia é un servizo que permite as persoas maiores, enfermas ou dependentes contar cun aviso de emerxencia e un seguemento das súas enfermidades, medicamentos ou citas sanitarias, fundamentais para garantir o seu benestar persoal. A súa eliminación suporá que estas persoas quedarán desamparadas na súa casa dependendo dos seus veciños en caso de necesidade.

O Partido Socialista, consciente da necesidade de manter este servizo, presentou na tramitación dos Orzamentos Xerais do Estado no Congreso, unha serie de eendas para garantir que o Imserso conte con 66 millóns de euros para non ter que reducir as súas partidas xerais e doutra emenda por valor de 283 millóns para manter as prestacións da Lei de Dependencia. Todas as emendas foran rexeitadas polo Partido Popular.

Ante este empeño do Goberno de Rajoy de destruír todo o estado do benestar, que tantos anos custou conseguir, reducindo orzamentos das entidades sociais coa excusa da crise económica o Partido Socialista sempre vai a estar enfronte.

Por elo consideramos que a Deputación de Pontevedra, que ate de agora ven firmando convenios cos concellos da provincia, para sufragar o 35%do custe do servizo, ten que asumir, xunto coa Xunta de Galicia, o mantemento deste servizo de Teleasistencia na provincia de Pontevedra.

En consecuencia, propoñemos ao Pleno a seguinte Moción:

1º.- Instar ao pleno a dirixirse ao ministerio de Sanidade e Servizos Sociais para mostrar o seu rexeitamento a eliminación da partida adicada a teleasistencia en todo o estado español.

2º.- Instar á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra a manter este servizo de teleasistencia, sufrangando o seu custe, e mantendo os convenios cos

concellos na mesma proporción actual.

En Barro, a 22 de novembro de 2012".-----

Sr. Sanmartin Soto, a vista do redución da partida de teleasistencia nos presupostos do estado insta a manter a prestación do servizo tendo en conta que se trata dun servizo necesario para os usuarios.

Sr. Alcalde, sinala que o concelleiro chega tarde coa súa moción e informa que a aportación para o mentemento do servizo de Axuda no Fogar e Teleasistencia será por conta da Deputación Provincial quen suplirá a axuda da Administración do Estado tendo en conta que haberá casos en que a prestación se fará por empresas privadas coas que os interesados teñan concertados seguros de asistencia.

Non se somete a votación a moción presentada.

M.3. Moción do PSOE sobre pagos expropiacións pendentes

Dase conta do texto da moción que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No municipio de Barro hai abertos varios procesos sen resolver de expropiacións forzosas, no que se refire o seu pagamento. Un deles, é o caso das obras de mellora dos accesos ao lugar de Constenla na parroquia de Barro e o outro é o proxecto de mellora do entorno de Barosa, tamén na mesma parroquia. Segundo recolle unha acta da Xunta de Goberno Local deste Concello de data do dezasete de decembro de dous mil dez, uns dez propietarios seguen sen recibir as contías que lle corresponden por ditas expropiacións forzosas, e ademais estanse incrementando cada vez mais polos xuros que hai que pagar.

Tanto no caso de Constenla como na zona de Barosa as obras foron deixando no caso de Constenla un acceso moi mellorado ao lugar, e no caso de Barosa, consideramos que as obras crearon unha zona excepcional tanto para os veciños do concello, como tamén como bo escaparate turista. Dende hai pouco tempo tamén disfrutamos dunhas magníficas instalacións e tamén de un local de hostalería que pola súa profesionalidade desde o noso punto de vista, está facendo, se cabe mellor aínda este lugar.

Polos datos que aparecen na acta X.G.L. adebédanse os veciños afectados de Constenla uns 33.502,71 euros, e os de Barosa outros 66.257,45 euros. O que ven dandu un resultado como di a acta dun total de 99.760,16 euros e mais os xuros correspondentes.

Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Barro despois de ter unha xuntanza con algúns dos afectados, presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1º.- Reunirse urxentemente coas persoas afectadas pendentes de cobrar as expropiacións.

2º.- Comprometerse en dita reunión a establecer como mínimo un plan de pago.

3º.- Informar aos grupos municipais do desenrolo de dita reunión e os acordos tomados.

En Barro, a 22 de novembro de 2012. Asdo. José Sanmartin Soto. Asdo. Margarita Canay Pintos".-----

Sr. Sanmartin Soto, plantexa que o Sr. Alcalde se reuna cos afectados polas expropiacións pendentes de pago das obras do proxecto de Barosa e mais do proxecto de Constenla e se estableza un plan de pagos tendo ademais en conta que o paso do tempo supón un incremento dos intereses para o concello.

Sr. Alcalde, sinala que o que sembra ventos recolle tempestades insistindo en que esta é a contestación do alcalde.

Non se somete a votación a moción presentada.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Fernandez Abraldes, pregunta pola previsión de remate das obras da estrada provincial de Perdecanaí e da reunión cos veciños para aclarar o remate das obras.

Sr. Alcalde, en relación coas obras pendentes de rematar nas estradas provinciais, informa que no caso de Valiñas se está tratando de concretar unhas tramos pendentes para chegar a acordos cos veciños, e no caso de Perdecanaí que se está redactando o proxecto para concretar cos propietarios no momento de replanteo do proxecto sobre o terreo.

Sra. Castro Calviño, pide que se retire a terra depositada polas choivas na estrada que leva da Portela a Curro xunto a unha nave dedicada a cria de polos.

Sr. Alcalde, que xa coñece o problema e que se fará a limpeza da terra.

A sesión rematou ó fin das vinte e unha horas . Dou fe.